



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

## SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 27 DE

### FEBREIRO DE 2012

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás dez horas do día vinte e sete de febreiro de dous mil doce, baixo a presidencia do señor alcalde don Manuel Rivas Caridad, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 997 de data 17 de xuño de 2011: dona Maria Jesús González Roel, don Felipe Andreu Barallobre, dona Rocio Vila Díaz, don Fernando Caride Suárez, dona Marta Maria Vázquez Golpe, don Santiago Manuel Ríos Rama e don Manuel Marante Gómez.

Intervén como secretaria da Corporación dona Maria Luisa de la Red Ampudia.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

#### **1º.-Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria de data 22 de febreiro de 2012.**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito membros que a compoñen, acorda deixar o borrador da acta da sesión ordinaria de data 22 de febreiro de 2012 sobre a mesa para a súa aprobación na vindeira sesión.

#### **2º.- Correspondencia.**

- Real decreto-lei 4/2012, de 24 de febreiro, polo que se determinan obrigas de información e procedementos necesarios para establecer un mecanismo de financiamento para o pagamento aos provedores das entidades locais. (Boletín Oficial do Estado número 48, de data do día 25 de febreiro de 2012).

- Orde ECD/333/2012, de 31 de xaneiro, do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, pola que se conceden axudas consistentes en lotes de libros para a promoción da lectura en bibliotecas públicas de municipios menores de 50.000 habitantes correspondentes ao ano 2011, na que figura o Concello de Cambre co "O moucho leroucho. Encontros e contos nas

bibliotecas municipais de Cambre”. (Boletín Oficial do Estado número 47, de data do día 24 de febreiro de 2012).

**3º.- Informe respecto das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área, e informes respecto doutros asuntos de área.**

Os presentes danse por enterados das resolucións ditadas dende a última Xunta de Goberno Local.

Informes do concelleiro delegado da área de Deportes, Xuventude e Voluntariado

Don Fernando Caride Suárez informa que queda pouco para rematar os traballos de roza na Balastreira. Realizaranse por pedimento dos arqueiros, uns engadidos aos valos de seguridade. Aumentarase un pouco a zona de seguridade para que teña sitio tamén o parque infantil.

A seguir, tamén informa que dende o día 18 ao 23 de marzo terá lugar a viaxe á neve. O prezo é de 315 euros IVE engadido, prezo total sen ter en conta os descontos. O prezo está ligado á sinatura dun convenio coa Deputación de León, co obxectivo de adquirir os “fortfaits” a un prezo máis económico.

Informes da concelleira delegada da área de Economía, Facenda, Promoción Económica e Consumo

Dona Marta María Vázquez Golpe informa que a semana pasada lle solicitou unha asociación de feirantes entre douscentos e douscentos cincuenta postos para facer unha feira no Temple para todos os venres do mes, pero se decidiu que, en principio, sexan dous venres ao mes. Continúa a dicir, que o tema da data da feira, o comentarán cos grupos da oposición.

O señor alcalde di que se debería facer unha propaganda entre os comerciantes da zona. A seguir, don Manuel Marante Gómez manifesta que hai que ser cautos, xa que hai dúas feiras en Cambre e tamén ten lugar a feira do comercio unha vez ao ano. Ademais, se celebra a feira do empresario no Temple dúas veces ao ano e cre que van a rematar co comercio, dado que os pequenos comercios xa non venden nada e, deste xeito, se lles poñen xente que non é de Cambre, é poñer as cousas peor. A hostalería pode mellorar, pero aos comerciantes prexudicalles e haberá que facer outras actividades. Don Felipe Andreu Barallobre manifesta á súa opinión e di que as feiras lle parecen ben e que dinamizan a zona. O señor alcalde di que, quizais, é mellor solicitar a opinión aos comerciantes. Aos hostaleiros sabe que lles parece ben, pero o hai que comentar cos comerciantes.



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

A continuación, dona Marta Maria Vázquez Golpe informa que o “Temple stock” terá lugar os días 3 e 4 de marzo. A achega que fai o Concello será pouco máis ou menos como noutras ocasións, pero se modifica o destino do gasto. Elimínanse os anuncios en prensa e publicidade contratada por unha invitación a todas as vivendas do municipio, e instálanse uns xogos infantís e invítase a un chocolate. A continuación, manifesta que tanto a Asociación de Empresarios como a responsable da área e ela mesma, están de acordo en que o “Temple stock” ten que dar un xiro e hai que darlle un impulso máis moderno.

Don Felipe Andreu Barallobre manifesta que o “Temple stock” se debería facer ao aire libre, e que a achega non sexa económica, senón con algún tipo de atracción musical, etc., que beneficiaría aos hosteleiros, que non interveñen na feira do comercio.

Para rematar a súa intervención, dona Marta Maria Vázquez Golpe informa que se amañou o local de empresarios; en canto á fontanería, está listo; soamente falta pintar, xa que hai unhas filtracións de auga, que é un problema a reparar coa comunidade.

#### Informes da concelleira delegada da área de Urbanismo e Medio Ambiente

Dona Rocio Vila Díaz informa que se recibiu un escrito de Medio Ambiente, no que se comunica que está publicado na páxina web municipal o Plan xeral.

A seguir, comenta que se reuniu cun representante da asociación Acelga. Solicitan a custodia do río Mero, e se comprometen a pasar informes do estado do río sen ningún custo para o Concello.

#### Informes da concelleira delegada da área de Igualdade, Benestar Social, Sanidade e Educación

Dona Maria Jesús González Roel informa que o venres pasado estiveron ela e o concelleiro de Cultura e Turismo no instituto Alfonso X, na Barcala. Pedíronlles colaboración, xa que van a vir alumnos, lituanos, polacos, alemáns e franceses, e querían que se lles fíxeran unha recepción por parte do señor alcalde e solicitan un guión para visitar a igrexa de Cambre, simplemente é facilitarlles o guión e eles o traducirán ao inglés. Continúa a dicir que a través da Concellería de Xuventude solicitan se se pode organizar unha noite morcega, sería máis ou menos para o día 24, de 8 a 11. E, finalmente, a través da Concellería de Cultura e Turismo querían que se lles organice unha ruta de sendeirismo.

#### Informes do concelleiro delegado da área de Cultura e Turismo

Don Santiago Manuel Ríos Rama informa respecto da festa de entroido que tivo lugar o sábado día 25. A carroza ganadora foi a número 1, Saloon, de Bribes. A comparsa que obtivo o primeiro premio foi a comparsa número 4, Ali vai vai e os 40 ladróns, de Arteixo e, en canto a individuais, ganou Transformer, de Cambre. Continúa a dicir que participaron entre dúas e tres mil persoas e non houbo graves incidentes.

A continuación, informa que o vindeiro venres, día 2 de marzo, ás 20,30 horas, se inaugurará a exposición de don Alfredo Vázquez e tamén se presentará o libro “O canto do galo” do citado autor.

Para rematar, don Santiago Manuel Ríos Rama informa que o domingo, día 4 de marzo, ás 12,00 horas da mañá, no centro sociocultural do Graxal, no Temple, terá lugar a representación da obra “Nuncabunga”, da compañía de teatro Elefante Elegante.

#### Informes do concelleiro delegado da área de Réxime Interior, Patrimonio e Contratación

Don Felipe Andreu Barallobre informa que o venres tivo unha reunión cos técnicos das distintas áreas que se trasladaron para as oficinas municipais situadas na Barcala, para estudar as necesidades de equipamento, etc.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as dez horas e cincuenta e cinco minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente  
  
Manuel Rivas Caridad

A secretaria  
  
María Luisa de la Red Ampudia